

**CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS**

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2016

REUNIDOS


Dunha parte, a señora dona Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 217, do 14 de novembro de 2016, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia, facultada polo disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e coma Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos.

De outra o Sr. D. Salustiano Mato de la Iglesia, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da comunidade autónoma de Galicia 47/2014, do 24 de abril, publicado no Diario Oficial de Galicia, núm. 79, do 25 de abril de 2014, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 21, do 2 de febreiro de 2010 (BOE núm. 69, do 20 de marzo de 2010).

Ambos os dous representantes, recoñecendo mutuamente a capacidade xurídica suficiente para subscribir, en nome das respectivas entidades, o presente convenio, a ao efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- O Instituto de Estudos do Territorio (IET), é un organismo autónomo dos regulados na sección 2.ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e ten por obxecto a análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio.



O IET réxese pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e polas demais normas aplicables ás entidades públicas instrumentais dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consonancia co seu obxecto, o IET exerce as seguintes funcións:

- a) Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.
- b) Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, a fin de implementar as políticas da paisaxe na planificación urbanística e territorial.

- c) Prestar apoio á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.
- d) A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellarías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural.
- e) O apoio e o asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe, e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade.
- f) Delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos da paisaxe e elaborar os catálogos da paisaxe de Galicia.
- g) Formar, sensibilizar e concienciar a sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes.
- h) Avaliar o estado de conservación das paisaxes de Galicia, analizar as súas transformacións e previsible evolución e realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.
- i) Promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, sobre todo mediante asistencia científica e técnica mutua, e intercambios de experiencias con fins de formación e información.
- j) O seguimento de iniciativas de investigación e difusión de coñecementos de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.
- k) Fomentar o intercambio de información e experiencias, así como a asistencia científica e técnica mutua en materia de paisaxes transfronteirizas.
- l) Elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia.

Segundo.- A Universidade de Vigo (UVIGO) é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior.



A UVIGO réxese pola Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e polos seus estatutos, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro.

Terceiro.- Que é do interese de ambas partes facilitar a preparación práctica para o exercicio profesional do alumnado da UVIGO para a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

Por todo o exposto, as partes consideraron a conveniencia de formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes:

CLAUSULAS:



PRIMEIRA .- OBXECTO

O obxecto deste convenio é regular un programa de prácticas académicas externas entre a UVIGO e o IET para facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudiantado en áreas do IET, nas materias de urbanismo, ordenación do territorio, paisaxe e sistemas de información xeográfica e cartográfica, relacionadas coa súa formación universitaria, e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na UVIGO. Deste xeito promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos/as futuros/as titulados/as universitarios/as.

SEGUNDA.- SELECCIÓN DO ALUMNADO PARA A REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

A Universidade de Vigo para tramitar, xestionar e difundir as prácticas académicas externas, axustarase ao previsto no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as

prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (en adiante Real decreto 592/2014, do 11 de xullo) así como no Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo.

De acordo coa devandita normativa, a UVIGO poderá delegar nunha entidade xestora a execución de prácticas externas extracurriculares.

En virtude do Encargo de xestión da Universidade de Vigo á Fundación Universidade de Vigo para a xestión das prácticas académicas externas extracurriculares asinado para tal efecto entre a UVIGO e a Fundación Universidade de Vigo o 19 de decembro de 2012, e prorrogado a través da Prórroga do encargo de xestión da Universidade de Vigo á Fundación Universidade de Vigo para a xestión das prácticas académicas externas extracurriculares de 30 de decembro e 2015, a tramitación, a xestión e a difusión das prácticas externas extracurriculares será responsabilidade da Fundación Universidade de Vigo (Fuvi).

Poderán realizar prácticas académicas externas:

a) O alumnado matriculado nalgunha das escolas/facultades relacionadas a continuación da UVIGO ou polos centros adscritos a estas:

- i. Facultade de Ciencias
- ii. Escola de Enxeñaría Industrial
- iii. Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
- iv. Escola Superior de Enxeñaría Informática
- v. Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
- vi. Escola de Enxeñaría Forestal

b) O alumnado doutras universidades españolas ou estranxeiras que, por razón de programas de mobilidade académica ou de convenios establecidos entre elas, se atopen cursando estudos nas escolas/facultades referidas da UVIGO ou nos centros adscritos a estas.

Para realizar as prácticas externas o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a. Estar matriculado na materia vinculada ás practicas externas, segundo o plan de estudos de que se trate.
- b. Non manter ningunha relación contractual co IET.

A UVIGO ou a entidade xestora realizará unha convocatoria pública nos centros universitarios afectados, en que se indicará o número de alumnado de prácticas e as condicións da práctica académica externa, garantindo os principios de transparencia, publicidade e igualdade de oportunidades.

TERCEIRA .- DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS

O programa de prácticas académicas desenvolverase conforme os seguintes termos:

1.- A duración das prácticas externas curriculares será a que estableza o plan de estudos correspondente nos termos establecidos polo artigo 12.6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

2.- A duración das prácticas externas extracurriculares axustarase ao Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, e á normativa complementaria desenvolvida pola Universidade de Vigo, en concreto ao disposto no Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo, aprobado no Consello de Goberno do 24 de maio de 2012 e demais normativa de aplicación.

3.- O alumnado contará cunha persoa titora da entidade colaboradora e con outra da Universidade de Vigo para realizar as prácticas

4.- O horario das prácticas terá lugar dentro da xornada normal de traballo do IET, e procurará en todos os casos adaptarse aos horarios lectivos. En particular, o alumnado ten dereito a realizar as probas de avaliación correspondentes aos estudos en que se matriculara, polo que se poderá ausentar do IET para asistir a elas.

5.- O proxecto formativo en que se concreta a realización de cada práctica académica externa fixará os obxectivos educativos e as actividades que se desenvolverán.

6.- Os dereitos e obrigas da persoa titora da entidade colaboradora, son os recollidos no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

7.- Os dereitos e obrigas da persoa titora académico da UVIGO, son os recollidos no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

8.- Coa finalidade de manter en todo momento o rexistro de estudantes participantes baixo este convenio, o IET comunicarlle á UVIGO ou á entidade xestora a data do comezo e finalización das prácticas, ou período de vacacións se o houbese.

CUARTA.- COMPROMISOS DA UNIVERSIDADE

Para o desenvolvemento e execución deste convenio, a Universidade comprométese a:

- Colaborar na realización de actividades de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio e medio ambiente e paisaxe que persigan un interese xeral
- Difundir, entre os seus alumnos e alumnas, a organización das prácticas formativas obxecto deste convenio
- Realizar a selección do alumnado que realizará as prácticas segundo os criterios previamente definidos pola Universidade.
- Emitir un documento acreditativo aos títulos pertencentes ao Instituto de Estudos do Territorio que o soliciten pola colaboración prestada no programa de prácticas.
- Remitir ao IET unha memoria na que se especifiquen:
 - Os membros do alumnado seleccionados para a realización das prácticas e as súas respectivas titulacións.
 - O proxecto formativo ao que se suxeitarán a realización das prácticas
 - Un documento subscrito por cada un dos alumnos ou alumnas seleccionados que incluíra:
 - O compromiso de cumprir o seu respectivo proxecto formativo e de atender ás indicacións que, en desenvolvemento do mesmo, sexan impartidas pola persoa á que o IET encomende a titoría das prácticas.
 - A aceptación de que o incumprimento inxustificable do dito proxecto formativo ou indicacións poderá dar lugar á exclusión do alumno ou alumna da continuación das prácticas, sen prexuízo das medidas disciplinarias que poida adoptar a Universidade.
 - O compromiso de manter a confidencialidade con respecto ás información recollidas ou aos traballos realizados durante ás prácticas, os cales non

poderán ser divulgados nin comunicados a terceiros.

- O compromiso de non explotar aqueles traballos realizados en desenvolvemento das prácticas, nin durante o período o que duren as mesmas nin tras a súa finalización, sen a autorización escrita expresa da persoa que exerce a tutoría da práctica.

- A aceptación expresa de que a realización das prácticas nas dependencias do IET constitúe unha actividade lectiva no marco dos seus estudos e non altera o vínculo do alumno ao alumna coa Universidade nin da lugar ao xurdimento de relación laboral ou de calquera outra índole coa Xunta de Galicia.

- O compromiso de poner en coñecemento da persoa que exerza a tutoría das prácticas calquera incidencia que poida afectar ao normal desenvolvemento destas.

QUINTA.- COMPROMISOS DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

Para o desenvolvemento e execución deste convenio, a Consellería comprométese a :

- Nomear un titor do alumno en prácticas que fixará un plan de traballo acorde co proxecto formativo.
- Acoller ao alumno e organizar a actividade a desenvolver de acordo co establecido no proxecto formativo.
- Establecer as datas de incorporación do alumnado ás prácticas.
- Asignar aos alumnos ao alumnas en prácticas tarefas comprendidas no correspondente proxecto formativo e dirixir a realización destas.
- Elaborar, ao remate das prácticas, un informe final de aproveitamento relativo ao cumprimento do proxecto formativo por parte do alumnado en prácticas no que se incluíra una valoración sucinta sobre o seu nivel de cumprimento das tarefas encomendadas

O IET resérvase a facultade de limitar o número máximo de prazas dispoñibles para a realización das prácticas por necesidades do servizo. O número de prazas determinarase nas reunións da comisión de seguimento do convenio.

O Instituto de Estudos do Territorio asume asemade os seguintes compromisos:

- Colaborar na realización de actividades de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio e medio ambiente e paisaxe que persigan un interese xeral.
- Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso.

SEXTA.- RÉXIME DAS PRÁCTICAS

A realización das prácticas nas dependencias do IET constitúe unha actividade lectiva que non alterará o vínculo do/a alumno/a coa UVIGO e non dará lugar ao xurdimento de relación laboral, nin de calquera outra índole co IET.

SÉTIMA.- SEGURIDADE DO ALUMNO E RESPONSABILIDADE CIVIL

Durante o período de realización das prácticas os/as alumnos/as estarán cubertos, en caso de accidente, enfermidade ou infortunio familiar polo Seguro Escolar, nos termos e condicións que establece a lexislación vixente. Ademais, queda garantida a responsabilidade civil de danos a terceiros que poida ocasionar o estudante en prácticas pola póliza que a UVIGO ten subscrita a tales efectos.

OITAVA.- FINANCIAMENTO

Este convenio non supón ningún custe para o IET nin para a UVIGO, polo que non se precisa consignación orzamentaria.

NOVENA.- COMISIÓN PARITARIA

Para o seguimento do presente convenio establecerase unha comisión mixta paritaria de seguimento do presente convenio integrada por:

- a) O Vicerreitor de Estudantes ou persoa en quen delegue, en representación da Universidade de Vigo.
- b) A directora do IET ou ou persoa en quen delegue, en representación do IET.

Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, e garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.

A comisión reuniranse cando así o considere oportuno cada unha das partes.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo, que non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o disposto no Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da mencionada lei orgánica e, en todo momento, as disposicións vixentes na materia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor a partir da data da súa sinatura e terá unha duración de catro anos

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

DÉCIMO SEGUNDA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Si se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de cooperación ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1 d) do texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación. Non obstante, de conformidade co disposto expresamente no artigo 4.2, seranlle de aplicación os principios da norma anteriormente referenciada para a resolución das dúbidas e lagoas que puidieran presentarse para o seu efectivo cumprimento.

Este Convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e de xeito supletorio, polas normas xerais do dereito administrativo.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº82, do 30 de abril), e demais normativa de aplicación.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

DÉCIMO QUINTA.- XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir a través da Comisión de Seguimento.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinan por triplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A Conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio e presidenta do IET

Beatriz Mato Otero



O Reitor da Universidade de Vigo

Salustiano Mato de la Iglesia



